Lleve a cabo las gestiones necesarias, entre ellas, los oportunos requerimientos a la empresa FCC, a fin de exigirle que dé cumplimiento al contrato que la obliga con este Ayuntamiento en sus propios términos, particularmente, en lo que se refiere a la recogida domiciliaria de la basura a personas discapacitadas o dependientes, que figura entre las mejoras ofertadas en su día por la empresa, dándole a este servicio la oportuna publicidad a fin de que los usuarios interesados, tomen conocimiento de esa posibilidad, habilitando los mecanismos necesarios para que lo soliciten, de ser de su interés”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non é a primeira vez que hai mocions sobre este servizo, xa as houbo sobre o cubo, sobre as instalacións e outras. Entendimos que o cubo é un sistema custoso. Vendeuse humanización, pois unha das melloras era a recollida a minusválidos e dependentes. Le o que está en cursiva no expositivo da moción. Esta iniciativa é para que se faga cumprir nese aspecto o contrato. Parece que catro anos despois hai idea de facelo. O equipo de goberno debe estar vixiante sobre o cumprimento das concesións.

De D.José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, que di que a portavoz do PP non parece moi amiga das Koplowitz, parece máis amiga de Florentino (ACS). Ímoslle apoiar a iniciativa. Por suposto que apoiamos que se cumpra o contrato, con esta empresa e con todas. Sería bo unha campaña para que se coñeza o servizo e establecer algún tipo de control, con validación por servizos sociais para evitar abusos por usuarios que non teñan dereito e que a empresa non lles preste servizo.

De Dna.Mª José Vega Buján, portavoz do Grupo do BNG, que cre que temos un servizo de recollida de residuos cun bo método, é tamén temos un mellor servizo de limpeza viaria. Somos merecedores de recoñecemento noutros lugares de España. A propia empresa presentou isto como mellora. Hai problema de información, de descoñecemento desta posibilidade. Apoiamos a moción, e recollendo o que di o PSOE, nós como equipo de goberno faremos que os servizos sociais elaboren unha lista para enviarlla á empresa. Se algún usuario non é coñecido en servizos sociais, que se dirixa ao Concello.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, que agradece o apoio. Se non se solicitou o servizo, foi porque non se publicitou. Permíntanme a crítica de que se en Aqualia non hai responsable do contrato, aquí si e o contrato ten un custo importante, como para estar atentos a todo o que lle corresponde cumprir á empresa. Máis vale tarde que nunca, que o servizo sexa útil para quen o precisen.

(O portavoz do PSOE non fai uso do segundo turno).

De Dna.Mª José Vega Buján, que di que o Técnico de Medio Ambiente non é quen pode coñecer aos usuarios non atendidos nen tampouco o goberno municipal, serán os Servizos Sociais os que determinen os problemas de mobilidade impeditivos, tendo en conta tamén aos que conviven. Procede agradecer esta moción e apoiala.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN AO ACONDICIONAMENTO DO "CAMIÑO DA RECOSTA" NA PARROQUIA DE PIÑEIRA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Centrais, Seguridade Cidadá e Sanidade. Tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º Este Grupo Municipal ha recibido quejas de vecinos y usuarios del Camiño da Recosta en la parroquia de Piñeira, donde se ubican varias viviendas que lo utilizan como único acceso.

2º El estado que presenta el Camiño da Recosta lo hace prácticamente impracticable, especialmente en estos días de lluvia, en que los grandes agujeros que presenta, no solo dificultan sino que casi impiden transitar por el citado camino. Esta situación se ve agravada cada vez más, y de modo especial en esta época de lluvias.

No parece razonable que en el tiempo que vivimos, existiendo viviendas en las que residen familias desde hace años, no se haya tomado medida alguna dirigida a acondicionar mínimamente el citado camino.

3º/ Este grupo ha tenido conocimiento de que los vecinos han solicitado en reiteradas ocasiones una actuación urgente sobre el Camiño da Recosta, resultando todas ellas, infructuosas.”

É por isto que o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

“- QUE PREVIOS LOS TRÁMITES OPORTUNOS, INCLUIDAS LAS GESTIONES Y DOTACIONES PRESUPUESTARIAS PROCEDENTES, SE PROCEDA AL ACONDICIONAMIENTO DEL CAMIÑO DA RECOSTA, A FIN DE QUE PUEDA SERVIR AL USO QUE LE ES PROPIO EN CONDICIONES ADECUADAS.

- QUE TOMADO CONOCIMIENTO DE QUE LA DIPUTACIÓN ESTÁ EN CONDICIONES DE ACOMETER ESTE CAMINO, LA PETICIÓN ANTERIOR SERÍA EFECTIVA SÓLO SI LA DIPUTACIÓN FINALMENTE NO LO HACE.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que recibiron queixas, que os veciños son merecedores do debido mantemento do camiño. É manifesta unha situación que require obras de mellora. Le o acordo (é o primeiro parágrafo do que se acordou). Esperamos contar co apoio dos demais Grupos.

De D. José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, que di que é unha preocupación loable. Chega algo tarde. Alomenos seis veciños asinaron unha solicitude de axuda á Deputación, e parece que o problema vai ser atendido por esa vía. Non sería necesario, por iso, apoiar esta moción.

De Dna. M^a José Vega Buján, portavoz do Grupo do BNG, que di estar de acordo con que isto merece arranxo e apoio público. Tamén sabemos da axuda previsible da Deputación, e por iso a obra non se incluíu no orzamento. Pode, pois, retirar a moción. Se a mantén, votaremos en contra, non por non estar de acordo, senón pola duplicidade de actuacións. Cando vostede falaba de duplicidade na iluminación da ronda de Emilia Casas Baamonde, esa pregunta pode facerlla a un técnico de Monforte, próximo á súa ideoloxía, que vostede coñece. De acordo co que se faga o da moción, pero se o fai a Deputación, está ben.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que ese técnico non é o que figuraba como titular nesa obra, máis ben era unha muller, podía mellor informar vostede (Sra. Vega). A mín (diríxese ao Sr. Tomé) non me trasladaron os veciños o da Deputación, na

Comisión puido ter sido quen de advertilo, para que, considerando que chegase ao Pleno a moción, puidese modificala engadindo que tomado coñecemento de que a Deputación están en condicións de acondicionar este camiño, está petición sería efectiva se finalmente non se acomete a obra como se nos di. Non é incompatible manter a moción para ese suposto.

De D.José Tomé Roca, que di que non tiña por que asegurarlle nada na Comisión, ademais tiña que confirmalo. Propóñolle que deixe a moción en stand-by para outro Pleno, para o caso de que non se chegase a arranxar o camiño a través da Deputación.

De Dna.M^a José Vega Buján, que di que co engadido –outra alternativa é a do Sr.Tomé- válenos: só ten efectividade o acordo se a Deputación non actúa.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, que di que se faga o engadido de que só vale o acordo se a Deputación non o fai. (O engadido queda incorporado en castelán, por coherencia co texto presentado).

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A REVERSIÓN DO CENTRO DE SANIDADE.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Centrais, Seguridade Cidadá e Sanidade. Tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Exposición de motivos.

O Doutor López Suárez (Xan de Forcados), realizou no seu día a cesión de varias fincas ó Concello de Monforte, entre as que figuraban, o Parque dos Loureiros, os terreos para o cuartel da Garda Civil e tamén os terreos onde se abica o actual Centro de Sanidade.

Os referidos terreos da Avenida de Galicia, no século pasado, foron postos polo Concello a disposición do Goberno de España da época, para a construción da denominada “Casa de Socorro” de Monforte.

Xa na etapa democrática, cando o Estado realizou as transferencias de sanidade á Xunta de Galicia, tamén foron incluídas estas instalacións, pasando a ser xestionadas pola Consellería de Sanidade.

Na actualidade as citadas instalacións daban cabida a catro servizos relacionados coa saúde:

- Centro de Orientación Familiar (COF).
- Veterinarios de Sanidade Pública (Sanidade Alimentaria).
- Centro Saúde Mental.
- Drogodependencias (Municipal).

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia decidiu deixar libre este edificio, trasladando os servizos que dependen directamente da administración galega para o

Hospital Comarcal (COF e Saúde Mental) e para o Centro de Saúde do Malecón (Veterinarios de Sanidade Pública), debendo o Concello buscar un novo espazo para o Centro de Drogodependencias.

Dado que proximamente o edificio coñecido como Centro de Sanidade vai deixar de prestar os servizos para o que foi creado no seu día, o Grupo Municipal do Partido Socialista considera que debe reverter á propiedade municipal, para destinalo á finalidade que o Concello de Monforte considere útil, oportuno e necesario.

Por todo o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1 - O Pleno do Concello de Monforte de Lemos acorda solicitar á Xunta de Galicia, a reversión á titularidade municipal das instalacións do actual Centro de Sanidade situado na Avda. de Galicia.

2 - Instar á Xunta de Galicia a que unha vez realizados os tramites oportunos faga efectiva a referida reversión, sendo realizada o antes posible e, en todo caso, no primeiro semestre do presente ano 2015.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, que di que supón que os Grupos manterán a postura da Comisión, o que agradece. Fala dos servizos que houbo no Centro e do que alí queda. Trátase de que o Concello poida no futuro darlle o destino que considere.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que o edificio queda baleiro sen os servizos da Xunta. Seguro que o Concello pode darlle outros usos. Apoiamos, igual que en Comisión, que o edificio reverta ao Concello.

De Dna.Mª José Vega Buján, portavoz do Grupo do BNG, que di que tiñamos noticias hai meses de que determinados servizos e dependencias desaparecerían de alí. Era para principios de 2015. O Alcalde iniciou conversas con representantes da Xunta para dispoñer do edificio. Se o Concello o cedeu para uns usos e os usos decaen, é lóxica a reversión. Desaparecendo tódolos servizos, tamén debe buscarse mellor ubicación para o que alí queda, un sitio só para iso pon en evidencia aos usuarios. É posible a reubicación da unidade de drogodependencias no edificio socio-sanitario.

De D.José Tomé Roca, que di que o coñecemento disto hai meses tamén o tiñamos nós a través de profesionais. O traslado do servizo municipal de drogodependencias, parécenos ben, para que as persoas non estean marcadas.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di coincidir con que haberá que buscar o mellor uso para o edificio e tamén a mellor ubicación para o servizo de drogodependencias.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A DECLARACIÓN DE 2015 COMO ANO “LOIS PEREIRO”.

(Durante o debate deste punto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez e D. José Manuel Puga Gómez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Centrais, Seguridade Cidadá e Sanidade. Tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

I.- Monforte de Lemos, Galiza, o mundo precisa dos poetas e da poesía para que todo vaia mellor. Porque amamos a Monforte de Lemos, a Galiza, ó universo enteiro á vida, a Poesía e a Lois Pereiro recuperamos parte da súa mensaxe, máxica e namorada, que sempre estará en nós –e con nós- e cos que nos sucedan no tempo. A obra dun poeta non morre porque é fonte de amor e de vida. Lois Pereiro, foi un poeta auténtico. Precisámolo. A cidade de Monforte de Lemos, onde el naceu e que tanto amou, non anda sobrada de Poesía e de poetas, tamén o precisa. Faille falta a súa palabra verdadeira, estremecida e irrenunciable para que lle axude a abrir os seus ollos, dunha vez para sempre, á luz, á esperanza e á beleza.” Tomamos as fermosas e necesarias palabras do noso fillo adoptivo, o poeta Manuel María, da xustificación da publicación do libro póstumo “Poemas para unha loia”, a cuxa edición, en 1997, contribuíu o Concello de Monforte de Lemos, porque non se podería xustificar, en menos espazo e dunha forma máis bela, a necesidade que Monforte ten de Lois Pereiro.

II.- É excepcional que unha cidade conte, entre os seus fillos, cunha persoa tan singular, o que converte nunha obriga para esta cidade a reivindicación da súa figura e a súa obra. E así o veu entendendo este concello en lexislaturas de gobernos de diferente adscrición partidaria e coa complicidade sempre de todo o pleno da corporación, apoiando distintas iniciativas en orde ao recoñecemento do noso poeta.

Nesta liña, continuando a obra xa iniciada, entendemos que o ano 2015, 5 anos despois de ter sido acordado dedicar o Día das letras galegas de 2011 ao noso insigne veciño, debe ser declarado, en Monforte de Lemos, como ano “Lois Pereiro”, fomentando e promovendo actividades que afonden e divulguen a obra, o pensamento e a figura deste poeta monfortino e, concretamente, as que no acordo que se propón se conteñen.

III.- Lois Pereiro é un poeta fundamental do noso acervo literario, como recoñeceu a Real Academia Galega ao dedicarlle o Día das letras galegas de 2011, téndose reunido na Casa da Cultura de Monforte en solemne sesión extraordinaria con este motivo. O seu interese transcende a nosa cidade e mesmo o noso país, como se comprobou na inxente cantidade de actos celebrados en torno á súa figura, na intensidade dos mesmos e no éxito de público vivido.

Moitas das nosas veciñas e veciños, que o coñeceron, saben que só a súa calidade humana e a súa sensibilidade superan a súa grandeza poética, que foi un cidadán comprometido, de forma permanente, coa mellora do mundo en que viviu, e que pertence a unha das familias da nosa cidade cunha intensa relación de amor e participación na vida colectiva.

IV.- En definitiva estamos ante a figura dun ser humano excepcional cuxa obra poética é unha referencia que transcende as nosas fronteiras polo que, declarando o ano 2015 ano Lois Pereiro, cumprimos un dobre obxectivo: por unha parte seguir recoñecendo a súa vixencia e grandeza e, por outro lado, convocar ao mundo a que visite a cidade onde naceu e que tanto amou, en palabras de Manuel María, que paren a visitar e contemplar os lugares que foron unha das paisaxes máis queridas da súa obra.

V.- Tal vez a súa condición de Monfortino sexa a que fixo del un incansábel viaxeiro, unha persoa amante e coñecedora de moitas linguas, desde o amor máis profundo á súa propia, porque a cidade onde naceu foi sempre unha cidade aberta á xente que chegaba, cos seus costumes e as súas propias linguas, mais sempre con moito amor propio, moito orgullo de seu; unha encrucillada de camiños, lugar de paso e tamén de permanencia, cunha forte personalidade que nos configura como unha singular comunidade. Un viaxeiro dun pobo de viaxeiros.

Por todo o exposto, o Pleno, por dez votos a favor (Grupos do BNG e do PSOE) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

1. Declarar o 2015 como ano “Lois Pereiro”.
2. Porlle á Casa da Cultura o nome “Poeta Lois Pereiro”, que pasará a denominarse “Casa da Cultura poeta Lois Pereiro”.
3. Encargar e instalar na fachada un rótulo onde figure o novo nome.
4. En consecuencia co anterior, a biblioteca pública municipal de Monforte, cuxas dependencias están no interior da casa da cultura, pasará a chamarse “Biblioteca pública municipal poeta Lois Pereiro”.
5. Encargar unha imaxe de “marca” para a biblioteca en que figure o novo nome.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

(Antes do debate, o Grupo do PP presentou por escrito unha emenda de substitución, que ten o seguinte acordo: 1.- Organizar un programa de actos conmemorativos do IV centenario da publicación do “Quijote”, que Miguel de Cervantes adicou a D.Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos. 2.- Porlle á Casa da Cultura o nome de Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, que pasará a denominarse “Casa da Cultura, Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos”, de donde se deriva que a

biblioteca pública municipal pasará a chamarse “Biblioteca pública municipal Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos”).)

De Dna.Mª José Vega Buján, portavoz do Grupo do BNG, que despois de dedicarlle o Día das Letras a Lois Pereiro, procede agora darlle o seu nome á Casa da Cultura e á biblioteca. Facemos para iso unha reflexión literaria, sobre un escritor excepcional, comparable con grandes escritores europeos e da literatura universal. Somos privilexiados de ter persoas dese talle. Anteriormente, non houbo discrepancias. Isto transcende a Monforte, é un escrito traducido a diversos idiomas, como o catalán, o euskera, o castelán, o inglés, e mesmo o búlgaro. Propoñemos declarar o 2015 como ano “Lois Pereira”. O PP presenta unha emenda para que en vez de Lois Pereiro, sexa o Conde de Lemos. Non procede, porque xa hai moitas cousas dedicadas ao Conde de Lemos, cunha presenza que non ter por que ter este recoñecemento, aínda que no de organizar un programa de actos –punto 1 da emenda-, estamos de acordo. Pero sobre o segundo, para que non haxa conflito, non hai que facer contrapropostas. Nunca poría a rivalizar a Lois Pereiro e ao Conde de Lemos. Este equipo de goberno ten no Multiusos unha primeira planta cunha exposición sobre o Conde de Lemos, unha estatua diante das Casitas, estivo o irmandamento intentado con Nápoles, téñense feito varias xornadas. Agradecería que non rivalizase a nosa proposta co Conde de Lemos.

De D.José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, que di que esta iniciativa foi consultada. O Alcalde fíxoo persoalmente comigo. Díxenlle que a veríamos no partido, e despois transmitímoslle a nosa postura de apoio a esta iniciativa. Monforte ten tamén outros homes e mulleres de moita valía. A cidade que honra ás persoas relevantes, hónrase a si mesma, sexan da ideoloxía que sexan. Lois Pereiro ten unha obra de calidade, pese a unha curta vida. Unha obra recoñecida e traducida. Dedicouselle un día das letras galegas. O Conde de Lemos tamén merece recoñecemento. Ambas figuras non son incompatibles. Como a proposta concreta é esta, apoiámola.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que este Grupo non cuestiona o mérito de Lois Pereiro e doutros monfortinos. Está ben a placa, o Día das Letras Galegas, é merecedor diso e de moito máis. Se a Casa da Cultura –e a biblioteca- non tivo nome ata agora, para nomeala debe haber un período de reflexión para ver personaxes posibles con méritos. Tamén me foi trasladada a iniciativa, na reunión que tiveron, dixeron que é un tema de máis reflexión e de ver outras posibles persoas. Propuxen que se deixase de momento a cuestión. Non sei o motivo de por que o 2015, e non outro ano para dedicarllo. O 2015 si é o centenario da publicación do “Quijote”, dedicado ao ilustre monfortino Conde de Lemos. Tivo máis dedicatorias de Cervantes, e doutros escritores. Tivo actividade cultural en Nápoles e alí onde foi. Introduciu a industria da seda en Monforte. Pelexou polo voto de Galicia nas Cortes. É unha figura distinta a dos escritores máis ou menos contemporáneos. Porque haxa un busto nas Casitas ou unha exposición permanente no Multiusos, non quita que houbese unha rúa do VII Conde de Lemos. Propoño que deixemos este asunto sobre a mesa. Non é cuestión pacífica nin aquí nin na rúa. Invítolles a que esta cuestión se reconsidera. Dado que non quedan moitos edificios nomeables de relevancia, invítolles a que deixen este asunto sobre a mesa e o resolvamos consensuadamente. Se non, presentamos a emenda de substitución.

De Dna.Mª José Vega Buján, que di que Lois Pereiro debe ser a Monforte como Cunqueiro a Mondoñedo ou James Joyce a Dublín. O Conde de Lemos non foi literato, se ben foi mecenas. Vense a enfrontar dúas figuras que non son enfrontables. Foi o ano do Día das Letras Galegas máis seguido, o dedicado a Lois Pereiro. A súa figura non ten comparativa mesmo en Galicia, non imos atopala en Monforte. Hai outros edificios. O Multiusos ten o conservatorio co nome do mestre Ibáñez. Non sei se daquela houbo reflexións. Queda unha parte para o Conde de Lemos, e tamén as Casitas. Non teño problemas co Conde de Lemos, pero hai que pensar que vostede si con Lois Pereiro. Se non fose o cuarto centenario do Quixote, que argumentos tería? É o 2015, como puido ser o 2014 ou o 2016, é de xustiza. Asesórese cos expertos en literatura e poesía. Traia propostas para o Conde de Lemos ou para Inés de Castro, que tamén é merecedora de estatua.

Do Sr.Alcalde, que di que non van retirar a moción. Partía da base que non habería problema, de que había consenso. Cando lle dixen á familia que non era así, dixo que estaba ben con maioría. Seguimos adiante.

(O portavoz do PSOE non fai uso do segundo turno).

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, que di que lle parece ben que o contraste coa familia. Somos membros dunha Corporación municipal. Vostede dixo que se non era unánime, non seguiría. Agora segue. Vostede é Alcalde de tódolos monfortinos. Respecto para a familia, pero non é cuestión pacífica e habería que buscar a conciliación, porque son vostedes os que erre que erre. Se Lois Pereiro é igual que James Joyce, é a valoración da portavoz do BNG. Vincular as cidades a poetas? Que mire as que están vinculadas a feitos históricos. Se ten empeño por interés da familia, respéctoo, pero respecte vostede outros puntos de vista. Somos conciliadores: deixe sobre a mesa o nome e manteñamos dedicarlle o ano 2015. Pero se é si ou si, entón non, porque representamos a monfortinos que defenden outras alternativas.

De Dna.Mª José Vega Buján, que di que fala polo equipo de goberno e non a nivel persoal. Á portavoz do PP fáltanlle moitos capítulos de literatura para debater comigo. É inxusta se se pon a nivel persoal, falo polo Grupo. O grupo de goberno é o que defende que se poida ter un referente literario. Sempre moito consenso, pero o PP deixa de aplicalo. Cando a rúa de Lois Pereiro, non houbo problema; cando a estatua de Chicho Balado, non houbo problema –foi antes da do Conde de Lemos-. Vostede ten algún problema co mundo da cultura. Todo o que non sexa do seu culto, nada; as estatuas para as súa afinidades ideolóxicas. Hai estatuas que tampouco son pacíficas e puxéronas vostedes. Vostede pacificadora? É a que levanta o machado de guerra. Tiña que unir a cidade e divídeala. Moléstame o desprezo que teñen cunha figura da miña xeración.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

10. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 19.12.2014 a 19.01.2015. E RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 8 DE XANEIRO DE 2015

**RELATIVA AO PROCEDEMENTO CONTENCIOSO ORDINARIO
380/2014 (art. 21.1.k) e art.22.2.j) da Lei 7/1985).**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta das Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 19 de decembro de 2014 e o 19 de xaneiro de 2015. Ao non haber ningunha observación ao respecto, enténdese ratificada por unanimidade a Resolución de 08/01/2015 relativa ao procedemento ordinario contencioso-administrativo 380/2014.

**11. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de
29.12 e de 30.12.2014) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN
(art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparos e dos informes de Intervención que os recollen.

ASUNTO DE URXENCIA.

Sendo ordinaria a sesión e vista a proposta da Alcaldía para o efecto, o Pleno acorda por unanimidade, antes do punto de rogos e preguntas, segundo o previsto no art.91.4 do ROF, someter á súa consideración o asunto que figura a continuación co acordo que sobre el resultou.

“AUTORIZACIÓN DE POXA DE ARMAS.

Con data de 22 de xaneiro corrente -sen que se puidese tramitar a tempo o seu ditame mesmo por urxencia e a súa inclusión na orde do día do Pleno ordinario deste mes- chegou un escrito da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil lembrando que o Concello ten en depósito dende o ano 2008 diversas armas, que se o autoriza o Pleno, indicando valoración económica como prezo de saída da poxa, poderían ser incorporadas á poxa anual de armas que leva a cabo a Garda Civil.

Polo Xefe da Policía Local faise saber que as armas son todas as que algún día utilizou a Policía Local deste Concello, e agora están todas fóra de uso, indicando asemade de que tempo se estima que son. Polo Secretario do Concello, infórmase do previsto no art.7 (apartados 1 e 4 do Regulamento de Bens das Entidades Locais) seguinte: “1. Clasificaranse como bens patrimoniais as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables.(...) 4. Consideraránse efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro, depreciación ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables aos servizos municipais ou ao normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non tivesen sido dados de baixa no Inventario.” Se se fai esa consideración das armas que nos ocupan, como bens patrimoniais poderían ser legalmente alleados, sendo a poxa para o efecto encomendada neste caso á Garda Civil.

Para a valoración das armas, observouse que o mercado pode oscilar entre 100 e 200 euros, e en base a iso, á antigüidade das armas –considerando que esta, se é grande, pode contrarrestar co valor histórico a depreciación temporal- determinase a que logo figura, escoitado tamén o Xefe da Policía Local. As armas, coas súas circunstancias e valoración, quedan reflectidas no seguinte cadro:

Data depósito	Tipo	Marca	Calibre	Nº identificación	Antigüidade	Valoración €
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9 C	1341348-1	+ de 40 anos	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9 C	1591479-1	1983	150,00
21/01/2010	PISTOLA	STAR	9 CORTO	1828953-1	1990	150,00
12/01/2010	PISTOLA	STAR	9	1828954-1	1990	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9	1828956-1	1990	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9	1828957-1	1990	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9 CORTO	1828958-1	1990	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9	1828959-1	1990	150,00
27/11/2008	PISTOLA	STAR	9	1828960-1	1990	150,00
15/02/2010	PISTOLA	STAR	9 C	1828955-1	1990	150,00
18/01/2010	PISTOLA	STAR	9	1828951-1	1990	150,00
13/01/2010	PISTOLA	STAR	9 C	1341349-1	1996	175,00
12/01/2010	PISTOLA	STAR	9 C	1341347-1	2000	200,00
					Suma....	2.025,00

Polo anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Considerar efectos non utilizables as armas que figuran no expositivo deste acordo e autorizar á Garda Civil para o seu alleamento mediante poxa, co gallo da anual que efectúa a Comandancia de Lugo de dito Corpo.

SEGUNDO.- Valorar economicamente cada arma segundo se recolle no cadro incluído no expositivo deste acordo, a efectos de prezo de saída da poxa.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

12. ROGOS E PREGUNTAS

Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, expón e formula un rogo – non sen antes dicirlle á Sra. Vega que ela non despreza a ninguén de ningunha xeración e que aparte de cultura, hai que ter educación-, dando lectura ao presentado por escrito, que se transcribe.

“ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO NÚMERO E LOCALIZACIÓN DE CUBOS PARA A RECOLLIDA DE LIXO NA RÚA CHANTADA.

Este Grupo Municipal ten recibido queixas de veciños da Rúa Chantada, concretamente, residentes nos bloques de edificios da urbanización Caixa Galicia,

en relación a ausencia de cubos para a recollida de lixo nas inmediacións de esta urbanización.

Según se recolle na relación de rúas e cubos a colocar no contrato formalizado no seu día con FCC, a empresa está na obriga de colocar nas inmediacións do número 145, portal 1 a 4, un total de 9 cubos para dar resposta a 65 veciños que alí residen.

Ocurre que moitos deses veciños, son persoas maiores, que se ven na dificultade de ter que crucer a carretera, ou ven o outro lado da rúa Chantada, en dirección a ronda María Emilia Casas Baamonde, ou ven en dirección a carretera da Vide, donde se ubica un contenedor verde, propio da zona exterior a do cubo.

Este grupo municipal, tivo ocasión de comprobar a data deste escrito, a ubicación de cubos nese punto. Así comprobouse que nas inmediacións desta urbanización non existe cubo algún, a pesares de elevado número de persoas que residen nela, polo que se estima necesario, que, compre requirir á concesionaria FCC, a fin de que coloque o número de cubos reflectido no contrato, nas inmediacións da citada urbanización a fin de evitar o risco que representa para as persoas maiores que residen nela, ter que desprazarse o outro lado da rúa, a fin de depositar o lixo, máxime, cuando está especialmente previsto a localización de ata 9 cubos nese punto, que este grupo poido comprobar que no se encontraban a disposición na data sinalada.

Polo exposto, ROGASE que se dirixa requerimento á empresa concesionaria, a fin de que proceda a colocar nas inmediacións da urbanización de Caixa Galicia, nº 145 bloques 1 a 4 9 cubos para o depósito do lixo, como ven reflectido no contrato formalizado no seu día.”

RESPONDE O SR.ALCALDE:

A calquera que lea isto, pareceralle que os veciños non teñen o servizo. É necesario primeiro informarse. O patio é propiedade privada onde non pode entrar a empresa. Está o caso da residencia do Morín, querían que o camiión fose pola rampla ata os contedores, pero o camiión non pode entrar no privado, e tampouco quixeron asinar un papel para responsabilizarse como lles ofrecemos. Hai cousas que o contrato non permite, neste caso o motivo é que os contedores non poder estar onde non é lugar público. Falei co Técnico de Medio Ambiente e coa empresa para que contactasen cos veciños para sinalar mellor o lugar dentro do ámbito público. O ideal era poñelos dentro, pero é por ese motivo.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas e quince minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

